



INSTRUCCIÓN AGACAL/DF Nº 1/2024: Autorización de cursos na AULA VIRTUAL impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e de formación en materia de benestar animal e gandería (manexo, sanidade e xestión ambiental).

Regulados por:

- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294 do 6 de decembro de 2018).
- Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias (BOE núm. 159, do 5 de xullo de 1995).
- Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (BOE de 14 de maio de 1982).
- Real decreto 1053/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas bovinas (BOE núm. 312, do 29 de decembro de 2022).
- Real decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas (BOE núm. 179, do 28 de xullo de 2021).
- Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo (BOE núm. 38, do 13 de febreiro de 2020).
- Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios (BOE nº 223, do 15 de setembro de 2012).
- Decreto 200/2012, do 4 de outubro, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (DOG núm. 196, do 15 de outubro de 2012).
- Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea e o rexistro destas (DOG núm. 67, do 4 de abril de 2007).
- Decreto 247/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria (DOG núm. ° 203, do 19 de outubro de 2000).





- Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios (DOG núm. 77, do 22 de abril de 2009).
- Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública.(DOG núm. 60, do 27 de marzo de 2009).
- Bases reguladoras das axudas para a modernización das explotacións agrarias e para a incorporación de mozos/as á actividade agraria, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e na súa convocatoria anual.
- Resolución do 23 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, pola que se dá publicidade a novos programas formativos homologados das ensinanzas de actualización e perfeccionamento profesional do sector agroforestal.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Decreto 52/2018, do 5 de abril) está autorizada para ditar as instrucións necesarias que permitan a aplicación e o desenvolvemento da Orde do 17 de marzo de 2009, e do Decreto 60/2007, do 22 de marzo da Consellería do Medio Rural.

OBXECTO DA INSTRUCIÓN:

Esta instrución ten por obxecto regular o funcionamento do sistema de formación dos cursos na modalidade de aula virtual a través da plataforma dixital, así coma definir:

- O procedemento de homologación que deben seguir as entidades que figuran inscritas no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural que desexen impartir os cursos nesta modalidade, seguindo as directrices marcadas na súa normativa de aplicación.
- O procedemento de autorización que as entidades inscritas no rexistro de entidades colaboradoras e no rexistro de entidades de formación en materia de benestar animal da Consellería do Medio Rural deben seguir para impartir as accións formativas na modalidade obxecto desta instrución.

Adicionalmente, co obxecto de garantir a protección da intimidade e da propia imaxe das persoas que participen nas accións formativas impartidas mediante esta modalidade, establécense as condicións nas que deberán ser empregadas as ferramentas que permiten impartir cursos mediante este sistema.





Por último, en materia de protección de datos estarase ao establecido na normativa vixente e, de ser o caso, ditaranse as condicións que é necesario cumprir para garantir a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á súa libre circulación, así como os seus dereitos dixitais. A dita protección terá como principios xerais os de transparencia, licitude ou lexitimación do tratamento, integridade e confidencialidade, minimización no uso de datos persoais e emprego exclusivo para a finalidade para os que son recollidos.

DEFINICIÓN DE AULA VIRTUAL PARA IMPARTIR CURSOS NESTA MODALIDADE

Defínese a aula virtual como a contorna de aprendizaxe onde o/a titor/a-formador/a e alumnado interactúan, de forma concorrente e en tempo real, a través dun sistema de comunicación telemático de carácter síncrono que permita levar a cabo un proceso de intercambio de coñecementos coa fin de posibilitar unha aprendizaxe das persoas que participan na aula.

A impartición da formación mediante a aula virtual hase de estruturar e organizar de forma que se garanta en todo momento que exista conectividade sincronizada entre as persoas formadoras e o alumnado participante, así como bidireccionalidade nas comunicacións.

Os principais elementos que deben integrar esta contorna dixital son:

- Sistemas de comunicación síncronas.
A impartición de cursos a través da aula virtual require o emprego de ferramentas de comunicación bidireccional como o micrófono e webcam, ferramentas de traballo como a gravación da sesión, escritorio compartido, etc.
- Sistemas de xestión que permitan un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado: control continuo dos/as alumnos/as mediante o rexistro da asistencia (coñecer o número de accesos e o momento en que se producen), as achegas (coñecer o grao de participación dos/as alumnos/as) e os coñecementos (avaliación continua).
- Sistemas de seguridade con perfís específicos do usuario de control e seguimento para facilitar o acceso ao servizo de control oficial que permitan realizar o seguimento das accións formativas, nos termos especificados, debéndose comunicar aos ditos servizos o enderezo URL de acceso ao curso, así como a chave do usuario e o contrasinal.
- Un rexistro informático dos contactos co alumnado que xeren as distintas ferramentas.

ESTRUTURA DOS CURSOS NA AULA VIRTUAL

A formación na aula virtual a través dunha plataforma da aula virtual poderá empregarse como medio complementario e adicional ao sistema de aprendizaxe presencial para o desenvolvemento do proceso formativo, **sen que a impartición da totalidade dunha especialidade formativa poida realizarse a través da aula virtual.**





En todo caso, **aqueles contidos da especialidade formativa que sexan necesarios para a adquisición das destrezas prácticas, que se desenvolvan tanto na aula como no campo, impartiranse sempre de forma presencial, sendo obrigatorio asistir á totalidade das horas.** Exceptúase desta norma o caso práctico dos cursos de benestar animal e gandería que poderán ser impartido na modalidade de aula virtual.

Tanto na formación na aula virtual como na parte presencial dos cursos, o número de persoas asistentes non poderá ser inferior aos/ás 5 alumnos/as nin superar os 30.

A duración e a distribución de horas de carácter presencial e na aula virtual para cada unha das especialidades formativas obxecto desta instrución poderá consultarse na seguinte ligazón: <https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/capacitacion-profesional>

REALIZACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN

A proba de avaliación realizarase sempre de forma presencial (agás que desde o departamento competente en materia de formación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria indique o contrario).

A data, hora e lugar da dita proba serán fixados polo Departamento de Formación da Agacal e serán os indicados no informe que resulte da comunicación de inicio. Con todo, as entidades poderán trasladar as súas preferencias consultando as datas e lugares de realización na páxina web da Agacal <https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/imparticion-cursos>.

Só terán dereito á realización da proba de exame aqueles/as alumnos/as que cumpran a porcentaxe de horas obrigatorias establecidas para cada especialidade formativa e aboan as taxas que dan dereito á realización do exame, nos casos que corresponda.

Para a realización das probas as persoas aspirantes deberán ir provistas do documento nacional de identidade, do número de identificación de estranxeiros ou do pasaporte. Tamén deberán levar bolígrafo de tinta de cor azul ou negra.

Os aspirantes poderán acceder ao recinto cunha antelación máxima de 15 minutos previos ao inicio da proba de aptitude. Por cuestións organizativas e para evitar interferir no normal funcionamento do centro, o persoal encargado poderá limitar o acceso ata ese momento.

Poderase acudir con calculadora.

Non se permitirá o emprego de teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Non se permitirá o acceso ao interior do lugar do exame con alimentos, excepto causa médica xustificada, que deberá acreditarse co informe médico e comunicada con carácter previo ao exame.

Non se habilitará ningún servizo de consigna.





As persoas que non acudan na data e lugar indicado para a realización da proba de aptitude no informe de código do curso teranse por non presentadas, esgotando unha das convocatorias posibles. Exceptúase desta regra xeral as persoas que acheguen a documentación que xustifique a causa da ausencia.

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA IMPARTIR CURSOS NA MODALIDADE DE AULA VIRTUAL

1. O prazo de presentación da solicitude para impartir cursos na modalidade de aula virtual estará aberto todo o ano.
 2. As entidades deberán estar previamente inscritas no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural (procedemento MR330C) e/ou no rexistro de entidades de formación en materia de benestar animal (procedemento MR205A).
 3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos (<https://sede.xunta.gal/>):
 - a) No caso de accións formativas en materia de benestar animal e gandería (manexo, sanidade e xestión ambiental), as solicitudes de inscrición no rexistro e a autorización para impartir accións formativas na aula virtual poderán realizarse de xeito simultáneo a través do procedemento MR205A. Para as entidades xa inscritas no rexistro de entidades de formación en materia de benestar animal, a solicitude de autorización nesta modalidade realizarase mediante o procedemento PR004A.
 - b) A solicitude para a homologación de cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios realizarase a través do formulario normalizado MR203A.
 - c) Para o resto de accións formativas recollidas na presente instrución, empregarase o procedemento MR330D.
 4. Xunto á solicitude, as entidades colaboradoras deberán presentar a seguinte documentación:
 - a) Acreditación da representación fidedigna por calquera medio válido en dereito.
 - b) Programa que se vai impartir, especificando o contido de cada unidade didáctica (Manual Técnico que será validado pola Administración), tipo e duración de cada módulo, acompañado da ficha técnica da actividade formativa. Ademais deberá elaborar un Plan de formación detallado e específico para o sistema de formación na aula virtual, que debe incluír unha descrición do sistema de formación que permita verificar a actividade impartida ao alumnado e que garanta a súa seguridade e eficacia e que poida ser certificable).
- A achega do Manual Técnico será necesaria mentres Agacal non publique manuais de elaboración propia que desenvolvan os contidos mínimos que deberá abranger cada especialidade formativa. Unha vez publicados, as entidades que soliciten a homologación deberán adaptarse aos seus contidos.



Para as peticións encadradas nos procedementos MR330D e MR203A, as entidades colaboradoras deberán achegar, xunto coa documentación anterior, o **Anexo IV "Ficha técnica da actividade"** que se achega nesta instrución.

NOTA: Mentres que o programa que figura no anexo II da Orde conxunta do 14 de abril de 2009 non sufra modificacións, NON será necesario que as entidades acheguen o Manual Técnico da acción formativa con cada petición anual (MR203A), ao entenderse validado pola Administración no momento en que se concedeu a súa autorización. Do mesmo xeito e unha vez que a Administración autorice o contido dos cursos de Incorporación á empresa agraria, NON será innecesario a súa achega con cada petición de autorización anual (MR330D) ao entenderse validado por esta.

Con todo, a entidade deberá achegar o Manual Técnico antedito no caso de realizar modificacións substanciais do seu contido que deban ser revisadas pola Administración con anterioridade á realización de sucesivas edicións do curso homologado. Igualmente deberá achegar o material cos contidos desenvolvidos (Manual Técnico) no caso de que se produzan variacións con respecto ao programa que figura nos anexos I, II e III do Decreto 60/2007, do 22 de marzo, e nos anexos IV do Real decreto 306/2020, do 11 de febreiro, anexo III do Real decreto 637/2021, do 27 de xullo e/ou anexo II do Real decreto 1053/2022, do 27 de decembro (PR004A).

- c) Con respecto á persoa coordinadora da acción formativa, a entidade deberá achegar:
- Copia do DNI/NIE
 - Copia autenticada do título universitario (só no caso de accións de transferencia tecnolóxica (procedementos MR330D e MR203A)
 - *Curriculum vitae* (só no caso de accións en materia de benestar animal e gandería)
- d) Cadro de profesorado, acompañado da copia do DNI/NIE e do título académico, *curriculum vitae* e relación das materias que vai impartir cada docente ou compromiso de achegalo con 10 días hábiles anteriores ao comezo da acción formativa. Lémbrese que as titulacións válidas para impartir as diferentes materias dos programas formativos poden consultarse nos documentos e normas que a continuación se indican:
- Cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios: "Documento para a harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios", publicado polo, anteriormente denominado, Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA),
 - Cursos en materia de benestar animal: artigo 4 do Decreto 60/2007, do 22 de marzo,
 - Resto de accións formativas: artigo 12 da Orde do 17 de marzo de 2009.





NOTA: A achega dos documentos para a comprobación da identidade (DNI/NIE) e da titulación académica sinalados nas letras c) e d) poderá substituírse pola presentación do modelo de “**Declaración responsable de comprobación de datos de terceiras persoas**” que se achega xunto a esta instrución (**ver Anexo III**) e que se pode descargar no apartado “Instrucións relativas ás accións formativas organizadas polas entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural, que se atopa na seguinte ligazón: <https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades>.

Lémbrese que, para ser válido, o **documento referido deberá ser asinado electronicamente pola entidade solicitante. A sinatura manuscrita por parte da entidade obrigará a autenticación do documento.**

e) A copia autenticada da póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades presenciais e da póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e alumnado ou, no seu defecto, o compromiso de achegala con anterioridade ao comezo da actividade lectiva. Non sería esixible no caso da impartición de cursos en materia de benestar animal e gandería, salvo que se determinase, de maneira excepcional, que o exame deba realizarse nas instalacións da propia entidade. (https://www.xunta.gal/oficina-de-rexistro-e-informacion/copias-electronicas-autenticas?langId=es_ES)

NOTA: Alternativamente á copia autenticada sinalada no parágrafo anterior, a entidade poderá achegar unha copia das pólizas, **asinadas electronicamente**, pola compañía aseguradora ou, no seu defecto, a copia das pólizas acompañadas dunha certificación emitida pola entidade aseguradora onde quede claramente identificado o nº de póliza e se especifique, de xeito inequívoco, o prazo da súa vixencia. Lémbrese que, para ser válida, a dita certificación deberá ser **asinada electronicamente** pola compañía aseguradora.

f) Documento no que a entidade describa e acredite que dispón de medios e instalacións suficientes para impartir as prácticas de campo, no caso de que estas sexan esixibles, ou compromiso de achegalo con 10 días hábiles anteriores ao comezo da acción formativa. En concreto, no caso da impartición de cursos en materia fitosanitaria, deberá acreditar que dispoñen das parcelas e dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios axeitados para poder impartir os contidos de carácter práctico. A entidade poderá empregar o modelo de “**Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios e instalacións**” que se achega xunto a esta instrución (**Ver Anexo VIII**)

NOTA: As entidades poderán empregar o modelo de “**Compromiso de achega da documentación con anterioridade ao inicio da acción formativa**”, que se achega xunto a esta instrución (**Ver Anexo X**) para xustificar os compromisos anteditos.

g) Memoria do curso na aula virtual que deberá conter:

- o Obxectivos xerais da acción formativa.





- Calendario das accións formativas que se levarán a cabo durante o ano, indicando o número de edicións previstas e o trimestre do ano en que terán lugar.
 - Destinatarios dos cursos.
 - Batería de preguntas tipo test sobre os contidos (mín. 40 preguntas con 4 respostas posibles. A entidade sinalará a resposta correcta.)
 - Datos de contacto da persoa responsable da plataforma na que se sustenta a aula virtual, para a obtención de información, resolución de dúbidas ou problemas de acceso e conexión á aula por parte dos técnicos responsables do seguimento e control da acción formativa.
 - O enderezo URL de acceso ao curso, o nome de usuario e o contrasinal, co obxectivo de que o técnico encargado da comprobación poida acceder á aula virtual de aprendizaxe durante o tempo de celebración da acción formativa e o cumprimento dos requisitos establecidos. Deberá facilitarse a información e os instrumentos técnicos necesarios para o exercicio das actuacións de seguimento e control da actividade formativa, tanto en tempo real como ex-post ata a realización da proba de aptitude da acción formativa.
- h) Documento **asinado electronicamente** polo representante da entidade segundo o modelo "**Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios para a impartición de accións formativas nas modalidades de aula virtual ou teleformación**", que se achega con esta instrución (**Ver Anexo IX**), no que a entidade acredite que dispón dos medios necesarios para o desenvolvemento da acción formativa.
5. As entidades recoñecidas noutra Comunidade Autónoma poderán igualmente solicitar a autorización para impartir accións formativas na materia e modalidades para as que ten acreditado o recoñecemento. Xunto á solicitude, as entidades colaboradoras deberán presentar a seguinte documentación:
- a) Documento que certifique o recoñecemento da entidade noutra C. A. para impartir a acción formativa para a que solicita autorización.
 - b) A documentación sinalada nas letras a), c), d), e) e f) do apartado 4.
 - c) Programa que se vai impartir, especificando o tipo e duración de cada módulo. Para as peticións encadradas nos procedementos MR330D e MR203A, as entidades colaboradoras deberán achegar, xunto coa documentación anterior, o anexo IV "**Ficha técnica da actividade**" que se achega nesta instrución.
 - d) Para as accións formativas cuxo alcance sexa específico da Comunidade Autónoma de Galicia, a entidade deberá achegar o Manual Técnico, que será validado pola Administración.



A súa achega será necesaria mentres Agacal non publique manuais de elaboración propia que desenvolvan os contidos mínimos que deberá abranguer cada especialidade formativa. Unha vez publicados, as entidades que soliciten a homologación deberán adaptarse a estes.

e) Calendario das accións formativas que se levarán a cabo durante o ano, indicando o número de edicións previstas e o trimestre do ano en que terán lugar.

Salvo que a persoa solicitante se opoña á súa consulta, caso no que a persoa solicitante deberá achegar a copia dos documentos que acrediten a súa identidade e circunstancias específicas, a Administración realizará a comprobación dos datos que se indican a continuación:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante
- b) DNI/NIE da persoa representante
- c) NIF da entidade representante

AUTORIZACIÓN PARA IMPARTIR CURSOS NA AULA VIRTUAL

A resolución de autorización será ditada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria no prazo máximo de 6 meses.

ACTUACIÓNS DE SEGUIMENTO E CONTROL POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria poderá supervisar as accións formativas levadas a cabo polas entidades colaboradoras e de formación, accedendo en calquera momento á plataforma da aula virtual e/ou asistindo ás sesións presenciais impartidas nos cursos.

Igualmente, as entidades colaboradoras ou de formación estarán obrigadas a levar un control de asistencia e participación e interacción do alumnado que realice os cursos.

CONDICIÓNS DO TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS DERIVADOS DA RETRANSMISIÓN DE CURSOS NA AULA VIRTUAL

Os datos persoais e, en especial, as imaxes serán tratadas, segundo o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 06/12/2018), na Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e de conformidade co establecido no resto da normativa que resulte de aplicación. En todo caso, o seu uso pola entidade colaboradora para os fins expresados non xerará dereitos de imaxe con beneficio ou contraprestación económica.

A entidade solicitante de cursos na aula virtual será a responsable e encargada do tratamento dos datos persoais tanto do profesorado como do alumnado e as súas familias.



Os datos persoais obxecto de tratamento serán, ademais dos datos identificativos (usuario e contrasinal nos servizos, nome, apelidos) e de contacto (como, por exemplo, o correo electrónico corporativo) das persoas afectadas, así como os relativos á súa imaxe/voz, aqueles datos que resulten tecnicamente imprescindibles para a conexión ao sistema (enderezos IP...).

Conforme o disposto na normativa vixente, existe lexitimación para o tratamento dos datos tanto do alumnado como do profesorado, polo que non será necesario recoller o consentimento inequívoco das persoas afectadas (alumnado e profesorado) para o tratamento dos seus datos persoais coas referidas finalidades.

ESPECIALIDADES DOS SERVIZOS DE VIDEOCONFERENCIA E RETRANSMISIÓN

A retransmisión das clases na aula virtual poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado á que van dirixidas (en diante, os participantes), polo que nas ferramentas de docencia virtual as persoas usuarias non deberán compartir con terceiros as ligazóns, os contrasinais ou credenciais que permitan o acceso a estes sistemas. O seu uso deberá restrinxirse ademais, exclusivamente, ao ámbito docente.

Con todo, convén que os participantes preparen previamente ao inicio de cada sesión o seu espazo de traballo, de forma que lles permita interactuar protexendo a súa intimidade e a de terceiros. Así, por exemplo, evitárase que durante as clases se poidan captar imaxes de terceiros non participantes ou espazos do seu fogar máis íntimos.

Prohíbese expresamente a gravación das clases por parte dos participantes, tanto polo alumnado como polo profesorado polos seus propios medios, e particularmente a súa difusión en redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea ou a través de calquera canle telemática, xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade administrativa ou civil para a persoa infractora.

Non obstante, as clases poderán gravarse no marco dos propios servizos dixitais educativos, é dicir, cos recursos internos das propias plataformas, e cando sexa realizado polo propio persoal docente ou co seu consentimento, sempre que se cumpran os requisitos de información e salvagarda de dereitos legalmente previstos, en especial a non captación do alumnado.





ANEXOS Á INSTRUCIÓN:

Anexo III: Declaración responsable sobre a comprobación de datos de terceiras persoas interesadas

Anexo IV: Ficha técnica da actividade

Anexo VIII: Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios e instalacións

Anexo IX: Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios para a impartición de accións formativas nas modalidades de aula virtual ou teleformación

Anexo X: Compromiso de achega da documentación con anterioridade ao inicio da acción formativa

NOTA: Os anexos sinalados poderán ser obxecto de actualización estando a disposición das persoas interesadas para a súa descarga na seguinte ligazón:
<https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades>

Santiago de Compostela

O director da Agacal

Asinado dixitalmente

José Luis Cabarcos Corral





ANEXO III

Declaración responsable sobre a comprobación de datos de terceiras persoas interesadas





DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
		COMPROBACIÓN DATOS TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

RELACIÓN DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
		Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓÑOME Á CONSULTA	
		DNI/NIE	0	
		Títulos oficiais universitarios	0	
		Títulos oficiais non universitarios	0	
		DNI/NIE	0	
		Títulos oficiais universitarios	0	
		Títulos oficiais non universitarios	0	
		DNI/NIE	0	
		Títulos oficiais universitarios	0	
		Títulos oficiais non universitarios	0	
		DNI/NIE	0	
		Títulos oficiais universitarios	0	
		Títulos oficiais non universitarios	0	
		DNI/NIE	0	
		Títulos oficiais universitarios	0	
		Títulos oficiais non universitarios	0	
		DNI/NIE	0	
		Títulos oficiais universitarios	0	
		Títulos oficiais non universitarios	0	
		DNI/NIE	0	
		Títulos oficiais universitarios	0	
		Títulos oficiais non universitarios	0	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.





A PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE DECLARA:

Que coa sinatura do presente escrito a entidade responde da autenticidade da sinatura das persoas interesadas.
Que o documento orixinal obra no poder da entidade solicitante e estará á disposición da Administración, durante o período de validez do documento expedido de conformidade coa normativa que, en cada caso, lle sexa de aplicación.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais).
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de de





ANEXO IV

Ficha técnica da actividade





ANEXO IV
(Orde do 17 de marzo de 2009)
FICHA TÉCNICA DA ACTIVIDADE

TIPO DE ACTIVIDADE:

- | | |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | INCORPORACIÓN Á EMPRESA AGRARIA |
| <input type="checkbox"/> | APLICADOR-MANIPULADOR DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS |
| <input type="checkbox"/> | ENSINANZAS DE ACTUALIZACIÓN E PERFECCIONAMENTO PROFESIONAL |
| <input type="checkbox"/> | ACTIVIDADES DE EXPERIMENTACIÓN, ENSAIO E TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA |

TÍTULO:

OBXECTIVOS:

COLECTIVO AO QUE VAI DIRIXIDA A ACTIVIDADE:

MATERIAL E MEDIOS QUE SE VAN UTILIZAR:

AVALIACIÓN QUE SE VAI SEGUIR:

RESUMO DO PROGRAMA:





ANEXO VIII

Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios e instalación



DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DE MEDIOS E INSTALACIÓNS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE DECLARA:

Que a entidade solicitou ante o órgano competente da CA de Galicia a autorización necesaria para impartir a seguinte acción formativa:

<input type="checkbox"/>	Curso de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios
<input type="checkbox"/>	Curso de Incorporación á Empresa Agraria
<input type="checkbox"/>	Curso de capacitación en materia de benestar animal do persoal de granxas
<input type="checkbox"/>	Curso de capacitación en materia de benestar animal para condutores/as e coidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos
<input type="checkbox"/>	Curso de formación para o persoal que traballe con gando porcino
<input type="checkbox"/>	Curso de formación para o persoal que traballe con gando avícola
<input type="checkbox"/>	Curso de mantemento básico do uso da motoserra
<input type="checkbox"/>	Curso de mantemento básico do uso da rozadoira
<input type="checkbox"/>	Curso de mantemento e introdución ao uso da colleitadora forestal
<input type="checkbox"/>	Curso de manexo de tractores forestais

Que a entidade dispón das instalacións que reúnen as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade, de seguridade e de supresión de barreiras arquitectónicas establecidas pola normativa vixente garantindo, en todo momento, a seguridade do alumnado e profesorado asistente aos cursos. En concreto:

<input type="checkbox"/>	As aulas contan cunha capacidade suficiente para albergar o alumnado e o persoal docente respectando unha superficie mínima por posto, de un metro e medio cadrado
<input type="checkbox"/>	As aulas que se van utilizar durante a impartición dos cursos terán, en todo caso, unha superficie igual ou superior aos 40 metros cadrados
<input type="checkbox"/>	O número de aseos e servizos hixiénico-sanitarios será acorde coa capacidade do centro de formación, tanto para o alumnado como para o persoal docente

Que dispón do material, equipos e medios para poder impartir os contidos de carácter teórico e práctico que a continuación se relacionan, garantindo o axeitado desenvolvemento da acción formativa:

MATERIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO TEÓRICO:

Para todas as accións formativas:

<input type="checkbox"/>	Equipo audiovisual
<input type="checkbox"/>	Mesas e cadeiras para o alumnado e os docentes
<input type="checkbox"/>	Material funxible para o desenvolvemento do curso (bolígrafos, cadernos, etc.)
<input type="checkbox"/>	Material didáctico que se vai empregar durante a impartición do curso

Para accións formativas relacionadas coa aplicación e manipulación de produtos fitosanitarios:

<input type="checkbox"/>	Material de monitoreo e seguimento de pragas
<input type="checkbox"/>	Etiquetas de produtos fitosanitarios
<input type="checkbox"/>	Fichas de datos de seguridade
<input type="checkbox"/>	Equipo de protección individual
<input type="checkbox"/>	Equipo de primeiros auxilios
<input type="checkbox"/>	Información técnica de boquillas





MATERIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO PRÁCTICO

Para accións formativas relacionadas coa aplicación e manipulación de produtos fitosanitarios:

Parcela cunha superficie mínima de 500 m ²
Almacén de produtos fitosanitarios
Punto limpo de recollida de envases e equipos desbotables
Zona preparada para o lavado do tractor e equipo, tras o tratamento
Tractor de potencia aproximada a 80 CV.
Pulverizador atomizador
Mochilas de aplicación
EPI para participantes colaboradores
Máscaras protectoras dun só uso e de filtro recambiable
Filtros recambiables
Luvas de protección química
Botas de protección
Lentes de protección
Traxes impermeables, para a aplicación fitosanitaria
Envases de produtos fitosanitarios, exentos de residuos, con etiqueta.

Material adicional para o nivel Piloto Aplicador:

Helicóptero Modelo Bellhicopter 206 B Jet Ranger III ou similar
Helicóptero Modelo Bellhicopter 206 B Jet Ranger III ou similar
RPAS Modelo Dronehexa AG de Dronetools ou similar
RPAS Modelos Droneocto XL de Dronetools ou similar
Lugar das prácticas sen obstáculos, afastada de zonas urbanas, comerciais ou de servizos (distancia mínima, 150 m)
Hangares segundo a norma NFPA 409: "Estándar nos hangares de aeronaves"
Campo de prácticas con zona de despegue e aterraxe circular de 8 m de diámetro, limpo, sen obstáculos, po, barro, auga e persoas

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais).
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--





ANEXO IX

**Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios
para a impartición de accións formativas nas modalidades de
aula virtual ou teleformación**



DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DE MEDIOS PARA A IMPARTICIÓ DE ACCIÓNS FORMATIVAS NAS MODALIDADES DE AULA VIRTUAL OU TELEFORMACIÓ

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓ			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE DECLARA:

Que a entidade solicitou ante o órgano competente da CA de Galicia a autorización necesaria para impartir a seguinte acción formativa:

<input type="radio"/>	Curso de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios
<input type="radio"/>	Curso de Incorporación á Empresa Agraria
<input type="radio"/>	Curso de capacitación en materia de benestar animal do persoal de granxas
<input type="radio"/>	Curso de capacitación en materia de benestar animal para condutores/as e coidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos
<input type="radio"/>	Curso de formación para o persoal que traballe con gando porcino
<input type="radio"/>	Curso de formación para o persoal que traballe con gando avícola
<input type="radio"/>	Curso de mantemento básico do uso da motoserra
<input type="radio"/>	Curso de mantemento básico do uso da rozadoira
<input type="radio"/>	Curso de mantemento e introdución ao uso da colleitadora forestal
<input type="radio"/>	Curso de manexo de tractores forestais

Que a plataforma dixital que a entidade pon á disposición do alumnado e persoal docente cumpre cos seguintes requisitos mínimos:

<input type="checkbox"/>	Ferramentas para o fomento da interactividade e retroalimentación do alumnado mediante diferentes formatos multimedia (páxinas web, aplicacións, presentacións con esquemas, gráficos, audios, animacións, enlaces de interese, etc.)
<input type="checkbox"/>	Ferramentas para a creación de "foros" e ferramentas de control da participación obrigatoria do alumnado.
<input type="checkbox"/>	Registro informático onde se almacenen os contactos do alumnado que xeren as distintas ferramentas.
<input type="checkbox"/>	Un servidor con capacidade suficiente para o acceso simultáneo de todos os usuarios previstos que garanta un ancho de banda da plataforma que se manteña uniforme, garantindo en todo momento a existencia de conectividade sincronizada entre as persoas formadoras e o alumnado, así como a bidireccionalidade nas comunicacións.
<input type="checkbox"/>	Área de contidos onde se desenvolva o temario do curso de acordo coas programacións establecidas. Nesta área debe permitirse: <ul style="list-style-type: none"> • a publicación de recursos e/ou información • o emprego de cuestionarios (auto-avaliacións intermedias, tests...). • a formulación de actividades colaborativas e/ou abertas: debates e foros de dúbidas. • dinamización e seguimento do proceso: consultar estatísticas e táboa do progreso, formular enquisas/consultas, xestionar citas de titorías ou outros eventos.
<input type="checkbox"/>	Sistemas de comunicación, síncronas, como o chat, etc., e asíncronas como a mensaxería e os foros.
<input type="checkbox"/>	Sistemas de xestión que permitan un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado: control continuo do alumnado, mediante o registro da asistencia (coñecer o número de accesos e o momento en que se producen), as achegas (coñecer o grao de participación do alumnado) e os coñecementos (avaliación continua).
<input type="checkbox"/>	Sistemas de seguridade cos perfís específicos de usuario de control e seguimento para facilitar o acceso aos servizos de control oficial que permitan realizar o seguimento das accións formativas, nos termos especificados, debéndose comunicar os ditos servizos ao enderezo URL de acceso ao curso, así como a chave usuario e o contrasinal
<input type="checkbox"/>	Servizo técnico de mantemento





INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais).
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------





ANEXO X

Compromiso de achega da documentación con anterioridade ao inicio da acción formativa



COMPROMISO DE ACHEGA DA DOCUMENTACIÓN CON ANTERIORIDADE AO INICIO DA ACCIÓN FORMATIVA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE DECLARA:

Que a entidade solicitou ante o órgano competente da CA de Galicia a autorización necesaria para impartir a seguinte acción formativa:

- | | |
|-----------------------|---|
| <input type="radio"/> | Curso de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios |
| <input type="radio"/> | Curso de Incorporación á Empresa Agraria |
| <input type="radio"/> | Curso de capacitación en materia de benestar animal do persoal de granxas |
| <input type="radio"/> | Curso de capacitación en materia de benestar animal para condutores/as e cuidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos |
| <input type="radio"/> | Curso de formación para o persoal que traballe con gando porcino |
| <input type="radio"/> | Curso de formación para o persoal que traballe con gando avícola |
| <input type="radio"/> | Curso de mantemento básico do uso da motoserra |
| <input type="radio"/> | Curso de mantemento básico do uso da rozadoira |
| <input type="radio"/> | Curso de mantemento e introdución ao uso da colleitadora forestal |
| <input type="radio"/> | Curso de manexo de tractores forestais |

Que mediante a sinatura deste documento, a entidade adquire o compromiso de achegar, cunha antelación mínima de dez días hábiles ao comezo do curso, a documentación que se sinala a continuación:

Para todas as accións formativas:

- | | |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | Cadro de profesorado e relación das materias que vai impartir |
| <input type="checkbox"/> | CV dos docentes encargados da formación |
| <input type="checkbox"/> | Copia autenticada da titulación dos docentes ou autorización para a súa consulta a través do modelo de Declaración responsable de comprobación de datos de terceiras persoas |
| <input type="checkbox"/> | Copia autenticada ou con sinatura electrónica da compañía aseguradora, da póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades ou, no seu defecto, copia da póliza de seguros acompañada dunha certificación emitida pola entidade aseguradora onde quede claramente identificado o nº de póliza e se especifique, de xeito inequívoco, o prazo da súa vixencia |
| <input type="checkbox"/> | Copia autenticada ou con sinatura electrónica da compañía aseguradora, da póliza do seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e do alumnado ou, no seu defecto, copia da póliza de seguros acompañada dunha certificación emitida pola entidade aseguradora onde quede claramente identificado o nº de póliza e se especifique, de xeito inequívoco, o prazo da súa vixencia |
| <input type="checkbox"/> | Planos ou esbozos da aula na que se impartirán as clases teóricas |
| <input type="checkbox"/> | Documento que acredite a dispoñibilidade da aula |

Para accións formativas en materia de produtos fitosanitarios:

- | | |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | Referencia catastral da parcela onde se realizará a formación práctica que terá unha superficie mínima de 500 m ² |
| <input type="checkbox"/> | Documento que acredite a dispoñibilidade da parcela onde se realizará a formación práctica |





INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais).
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

